

2023 MEMORIA DE ACTIVIDADES

DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**

2023 MEMORIA DE ACTIVIDADES

DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Edita:

Consello Galego de Relacións Laborais

Algalia de Abaixo, 24

Tel.: 981 541 601

E-mail: info.cgri@xunta.es

Santiago de Compostela

ISSN: 2386-9186

O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	9
PLENOS E PERMANENTES EN 2023	17
EMISIÓN DE DITAMES	23
FOMENTO E PROMOCIÓN DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA	33
SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE CONFLITOS: XESTIÓN DO AGA	41
A PROMOCIÓN DO DEBATE SOCIAL	49
ACTIVIDADES DE REPRESENTACIÓN E DIFUSIÓN DO LABOR DO CGRL	71
ORZAMENTO DO CONSELLO	75

O Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, en xuntanza ordinaria o 5 de abril de 2024, aprobou, por unanimidade, a Memoria de actividades correspondente ao exercicio 2023.

Esta publicación recolle integramente o texto da dita memoria.

Cristina Fabeiro Varela

Secretaria do CGRL



Con grande satisfacción presento a Memoria Anual de Actividades do Consello Galego de Relacións Laborais no 2023, na que –por trixésimo quinto exercicio consecutivo– rendemos contas sobre as accións do organismo e renovamos o noso compromiso de mellora continua no eido do traballo mediante o diálogo institucional entre os sindicatos e as asociacións empresariais de Galicia.

Asumín a presidencia do Consello hai xa case dous anos, animada pola convicción de que o consenso entre os representantes das persoas traballadoras e as empresas é un motor que impulsa o progreso en igualdade. Ao logo deste tempo tiveron a oportunidade de comprobalo en moitas ocasións, reafirmando a miña vontade de traballar incansablemente na consolidación do Consello como o actor principal no panorama laboral autonómico. Neste sentido, cómpre destacar o enorme éxito do XIX Encontro Galego de Relacións Laborais, celebrado en Santiago de Compostela no mes de novembro de 2023, como corolario da intensa actividade despregada polo Consello durante o ano en todas as fronteiras nas que exerce as competencias que lle atribúen as leis.

Por iso, quero aproveitar este espazo para recoñecer e felicitar ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia e aos seus membros na Comisión Permanente e no Pleno do Consello, así como a todas as demais persoas que participan activamente no organismo, incluídas aquelas que colaboran nas numerosas accións formativas patrocinadas polo Consello, así como no Observatorio Galego da Negociación Colectiva e na Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva. O seu compromiso e dedicación son fundamentais para o éxito das nosas iniciativas.

Do mesmo xeito, desexo expresar o meu recoñecemento ao equipo de persoas mediadoras do acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos laborais (AGA) e aos integrantes do Servizo Xurídico de Solución de Conflitos do Consello, cuxo esforzo contribúe á resolución efectiva dun grande número de disputas laborais na nosa comunidade autónoma, téndose acadado no 2023 a cifra máis alta de expedientes tramitados nun ano de toda a serie histórica.

Finalmente, quero agradecer sinceramente á secretaría xeral do Consello e a todo o persoal do organismo polo seu incansable labor e compromiso, sen os cales non teríamos logrado alcanzar os nosos obxectivos. A súa dedicación é a forza impulsora detrás de cada logro desta institución.

A partires do 2024 seguiremos traballando arduamente para mellorar as condicións laborais e promover a competitividade en Galicia, a través do fomento dun diálogo construtivo e a procura continua de solucións consensuadas. Xuntos, estamos a construír un mellor futuro para todas as galegas e galegos.



Antía Sández Callejo

Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais

O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

- Regulación e natureza xurídica
- Competencias
- Composición
- Estrutura e funcionamento
- Persoal do Consello



REGULACIÓN E NATUREZA XURÍDICA

O Consello Galego de Relacións Laborais foi creado pola Lei 7/1988, do 12 de xullo, e a súa primeira reunión realizouse en febreiro de 1989, en Santiago de Compostela, onde continúa a ter a súa sede.

Na actualidade, está regulado pola Lei 5/2008, do 23 de maio, publicada no DOG do 11 de xullo, que, en resposta ás demandas das entidades recoñecidas como interlocutoras sociais, modificou a súa natureza, dotándoo de personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena autonomía funcional para acadar os seus fins. O seu regulamento interno de organización e funcionamento aprobouse pola Resolución da Presidencia do Consello do 23 de outubro de 2008, publicada no DOG do 13 de novembro de 2008.

O Consello é un ente público de composición bipartita, único foro propio de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais en Galicia, é o órgano consultivo e asesor da Xunta en materia laboral. Así mesmo, xoga un papel fundamental na promoción da negociación colectiva en todos os ámbitos e sectores, e na solución dos conflitos colectivos, tanto directamente, como na xestión e divulgación do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA).

A neutralidade e independencia inherentes á súa natureza e ás súas funcións reflíctense incluso na necesaria conformidade das organizacións sindicais e empresariais que integran o Pleno para o nomeamento de altos cargos do organismo.

O Consello está adscrito organicamente á consellería competente en materia de traballo, na actualidade a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

COMPETENCIAS

As competencias do Consello veñen reguladas no artigo 3 da súa lei reguladora e no artigo 10 do seu regulamento interno. Abranguen catro áreas principais:

- **Consultiva:** Emisión de ditames en relación a calquera proxecto normativo da Xunta de Galicia en materia laboral.
- **Fomento, promoción e ampliación da negociación colectiva galega:** O Consello é a sede da maioría das comisións paritarias dos convenios colectivos autonómicos e ten unha intervención activa na negociación colectiva neste ámbito.

- **Xestión do sistema de solución autónoma de conflitos laborais:** Tramitación e promoción dos procedementos de mediación e arbitraje regulados no AGA.
- **Promoción do debate social:**
 - Formación e divulgación de materias relacionadas co eido laboral, a través da realización anual e periódica de xornadas abertas ao público nas principais cidades galegas, así como cursos e seminarios para cadros sindicais e empresariais.
 - Edición de publicacións en materia laboral, de carácter regular (*Revista Galega de Dereito Social*, Boletíns sobre a situación da negociación colectiva galega, Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia...) ou derivadas do traballo dos distintos órganos colexiados do Consello (estudos, guías de boas prácticas...).

COMPOSICIÓN

Segundo a súa normativa reguladora, o Consello está integrado pola Presidencia, a Secretaría e catorce conselleiras e conselleiros, en representación das organizacións sindicais e empresariais que teñan a condición de máis representativas en Galicia.

En 2023, a composición do Consello foi a seguinte:

Presidenta: Antía Sández Callejo

Secretaria: Cristina Fabeiro Varela

Conselleiras e conselleiros:

Pola Confederación Intersindical Galega (CIG):

Titulares:

Lucía Freire Ces

Francisco Xavier González Sio

Miguel Anxo Malvido Cabirto

Suplentes:

Margarida Corral Sánchez

Susana Méndez Rodríguez

Antonio Mera de la Fuente

Polo Sindicato Nacional de Comisi3ns Obreiras de Galicia (SN de CCOO):

Titulares:

Maica Bouza Seoane
Xes3s Castro Baamonde

Suplentes:

Armando Iglesias Rodr3guez
Carmen Adela Sabio Sanz

Pola Uni3n Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia):

Titulares:

Mar Mart3n Gonz3lez
Jos3 Carlos Rodr3guez del R3o

Suplentes:

Trinidad Campos Rodr3guez
Juan Manuel Loureiro Taibo

Pola Confederaci3n de Empresarios de Galicia (CEG):

Titulares:


Jos3 Carlos Garc3a Cumplido
Luis Lamas Novo
Enrique Miguel Mall3n Otero
Javier Mart3nez L3pez
Jaime Pereira Novoa
Jos3 Antonio Romar3s Ferreiro
Javier Touza Touza

Suplentes:

Marta Amate L3pez (ata o 10 de maio de 2023)
M^a del Mar Barreiro Mari3o (dende o 10 de maio de 2023)
Marina Gra3a Berm3dez
Guadalupe Hervera Iglesias
3lvaro Hinrichs 3lvarez
Jos3 Manuel Maceira Blanco
Mar3a Jos3 de Miguel P3rez
Jos3 Antonio Neira Cort3s

ESTRUTURA ORGÁNICA E FUNCIONAMENTO

De acordo coa normativa reguladora o Consello, para o exercicio das súas funcións, actúa a través dos seguintes órganos:



PERSOAL DO CONSELLO

De acordo co artigo 14 da súa lei reguladora, o persoal ao servizo do Consello poderá ser funcionario ou laboral, segundo o establecido na correspondente relación de postos de traballo, e rexerase pola normativa da Comunidade autónoma en materia de persoal ao servizo da Administración pública. Actualmente, o persoal do Consello é exclusivamente persoal funcionario.

A unidade administrativa é a Secretaría Xeral, que agrupa as seguintes áreas:

- 1. **Área Xurídica e de Solución de Conflictos.** Ten asignada como funcións principais a de apoio á secretaria na análise da normativa estatal e autonómica que incida nas funcións do Consello e na elaboración de informes sobre proxectos normativos sometidos a ditame, así como a de xestionar a tramitación dos expedientes de mediación e arbitraxe que se inicien ao abeiro do AGA.

2. **Área de Negociación Colectiva.** Ten encomendada a xestión do programa informático Necol e o seguimento puntual dos contidos dos convenios colectivos e revisións salariais negociadas, a elaboración periódica dos distintos informes demandados sobre a negociación colectiva en Galicia, e as funcións relacionadas coa promoción e fomento da negociación colectiva (apoio ás comisións paritarias e negociadoras de distintos ámbitos e sectores).
3. **Área de Estudos, Informes e Publicacións.** Asume as funcións de elaboración e coordinación dos estudos e informes que se realizan a iniciativa propia, das publicacións periódicas que edita o Consello e as funcións de xestión do seu sitio web.
4. **Área de Xestión de Persoal, Administración e Xestión Económica.** Ten encomendada a xestión de persoal, a administración do organismo e a contratación e servizos de mantemento, así como o seguimento e control do orzamento do Consello e a xestión económica e contable. Así mesmo, é a encargada da organización de cursos, seminarios e encontros de debate social.
5. **Área de Documentación e Arquivo.** Xestiona a documentación técnica, as bases de datos documentais e o arquivo documental e fondo bibliográfico do Consello.

PLENOS E PERMANENTES EN 2023

O PLENO

O Pleno constitúe o máximo órgano de decisión do organismo e ten as funcións especificadas no artigo 3 da súa lei reguladora. O seu funcionamento vén recollido no artigo 7 da lei e nos artigos 10 e 11 do regulamento interno de funcionamento do Consello.

En 2023 realizáronse cinco plenos, nos que se adoptaron as decisións necesarias para o normal funcionamento do Consello:

Ordinario: 22 de febreiro de 2023 (1/2023)

- Aprobación da proposta relativa á modificación das indemnizacións ás persoas mediadoras e árbitras para o caso de acumulación de expedientes.
- Aprobación da Recomendación para a negociación colectiva en 2023.
- Aprobación da proposta de actividades ordinarias do CGRL en 2023.

Ordinario: 30 de marzo de 2023 (2/2023)

- Aprobación da memoria anual de actividades do CGRL no ano 2022.
- Aprobación da proposta de indemnizacións ás organizacións para o ano 2023.



Último Pleno do ano en Monforte de Lemos

Ordinario: 17 de abril de 2023 (3/2023)

- Aprobación da Memoria e Contas anuais do CGRL en 2022.

Ordinario: 19 de xullo de 2023 (4/2023)

- Aprobación do Informe sobre negociación colectiva no sector de empregadas no fogar e a súa proposta económica.
- Aprobación do Informe sobre axuda no fogar e a súa proposta económica.
- Aprobación do Programa do XIX Encontro Galego de Relacións Laborais.
- Aprobación da proposta de orzamento do Consello Galego de Relacións Laborais para o ano 2024.

Ordinario: 2 de novembro de 2023 (5/2023)

- Toma en consideración do Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2022.

A COMISIÓN PERMANENTE

A Comisión Permanente é o órgano de xestión e dirección operativa do Consello. Está integrada por seis representantes do Pleno –tres polas organizacións empresariais e tres polas organizacións sindicais– máis as persoas titulares da Presidencia e da Secretaría Xeral do Consello.

Este órgano reúnese de modo ordinario unha vez ao mes, e de modo extraordinario tantas veces sexa convocado ao efecto pola presidencia do Consello, por iniciativa propia ou por petición da maioría absoluta das persoas membros da representación empresarial ou sindical.

As súas competencias están reguladas no artigo 8 da Lei reguladora do Consello e no artigo 12 do regulamento interno: confeccionar a orde do día das xuntanzas plenarias, elaborar estudos sobre propostas de creación de comisións de traballo, elaborar o orzamento correspondente para cada exercicio, emitir informe para a extensión dos convenios colectivos nos termos establecidos no artigo 7 do RD 718/2005 e pechar a proposta de planificación de actividades do Consello, entre outras.

En 2023 a Comisión Permanente reuniuse en 11 ocasións. Ao longo destas xuntanzas, e dentro das funcións propias deste órgano, aprobáronse, entre outros temas, as actividades a levar a cabo polo organismo en relación coa planificación aprobada polo Pleno. Do esencial do tratado nestas reunións dáse sucinta conta deseguido.



Xuntanza da Comisión Permanente do Consello

Ordinaria: 2 de febreiro de 2023 (1/2023)

- Xornada técnica sobre mobilidade transnacional e internacional das persoas traballadoras.
- Cursos formativos en colaboración coas universidades galegas en 2023.

Ordinaria: 13 de febreiro de 2023 (2/2023)

- Proposta relativa ás indemnizacións as persoas mediadoras e árbitras.
- Concreción de actividades formativas en 2023.
- Proposta de actividades ordinarias do Consello para 2023.

Ordinaria: 27 de marzo de 2023 (3/2023)

- Memoria de actividades 2022.
- Actividades formativas do CGRL 2023.
- Presentación da proposta de indemnizacións ás organización para 2023.

Ordinaria: 17 de abril de 2023 (4/2023)

- Actividades formativas para 2023.
- Actualización da cláusula de indemnizacións ás persoas mediadoras e árbitras.
- Presentación da memoria e contas anuais do Consello en 2022.

Ordinaria: 26 de maio de 2023 (5/2023)

- Avances na organización do XIX Encontro Galego de Relacións Laborais.
- Memoria de actividades do CGRL en 2022.
- Aprobación a proposta de actividades ordinarias do CGRL en 2023.

Ordinaria: 30 de xuño de 2023 (6/2023)

- Avances na organización do XIX Encontro Galego de Relacións Laborais.
- Actividades formativas 2023.

Ordinaria: 19 de xullo de 2023 (7/2023)

- Avances na organización do XIX Encontro Galego de Relacións Laborais.
- Toma en consideración da proposta de Orzamento para 2024.

Extraordinaria: 28 de xullo de 2023 (8/2023)

- Aprobación, no seu caso, da colaboración coa organización do XXIII Congreso Nacional da Asociación ASNALA.

Ordinaria: 2 de outubro de 2023 (9/2023)

- Informe sociolaboral 2022.
- Avances na organización do XIX Encontro Galego de Relacións Laborais.

Ordinaria: 2 de novembro de 2023 (10/2023)

- Toma en consideración do Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2022.
- XIX Encontro Galego de Relacións Laborais.

Ordinaria: 11 de decembro de 2023 (11/2023)

- Valoración do XIX Encontro Galego de Relacións Laborais.
- Valoración dos cursos organizados polo CGRL en 2023 en colaboración coas universidades galegas e propostas sobre actividades formativas de interese de cara a 2024.

EMISIÓN DE DITAMES

O artigo 3.2b) da súa lei reguladora establece como unha das funcións do Consello a de emitir, con carácter preceptivo e non vinculante, ditame sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da Comunidade autónoma en materia laboral.

Para o cumprimento desta función creouse en 1991 o Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames, composto polas persoas titulares da presidencia e secretaría do Consello (ou quen as substitúa) e por seis membros do Pleno, tres en representación das organizacións sindicais e tres en representación das organizacións empresariais.

A nova normativa reguladora configura este comité como un órgano colexiado, que garante a eficacia e axilidade na emisión de ditames. O seu funcionamento segue as normas previstas no anexo ao regulamento interno de organización e funcionamento do organismo.

Cada ano, a área xurídica do Consello realiza ademais un seguimento dos informes motivados remitidos pola Consellería, nos que se dá conta das consideracións manifestadas polas organizacións sindicais e empresarial recollidas no ditame que serán tidas en conta e introducidas no texto definitivo do proxecto normativo, así como daquelas que non son aceptadas.

O texto completo destes ditames pode consultarse na web do CGRL: <https://www.cgri.gal/novas/categoria-de-dictame/ano-2023/>.

Durante o ano 2023 foron obxecto de ditame 54 proxectos normativos, dos cales 47 eran proxectos de orde, 1 de decreto, 5 Resolucións da Secretaría Xeral de Igualdade e 1 anteproxecto de Lei.



Xuntanza do Comité de ditames

O número total de xuntanzas do Comité delegado polo Pleno para a emisión de ditames ascende a un total de 28 ao longo do ano 2023.

Ditames emitidos 2023	
Proxectos de orde	47
Proxectos de decreto	1
Resolución da SX de Igualdade	5
Anteprojectos de Lei	1

Debe terse en conta que non se formularon consideracións unánimes no ditame 34/2023, emitido sobre o Proxecto de orde pola que se regula o réxime de subvencións ás organizacións sindicais e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Sobre os 53 proxectos que se teñen en conta, emitíronse un total de 575 consideracións unánimes, das cales 126 foron de carácter xeral e 449 de carácter específico.

Das consideracións xerais, 50 emitíronse sobre cuestións de fondo e 50 sobre aspectos formais da norma. Ademais, emitíronse 26 consideracións xerais que non procede valorar como aceptadas ou non aceptadas, xa que ou ben teñen un carácter declarativo ou ben indican especificamente que se trata de propostas a valorar en vindeiras convocatorias.

Das 50 consideracións de fondo, foron aceptadas ou parcialmente aceptadas 10 (o 20%) mentres que das 50 consideracións formais foron aceptadas ou parcialmente aceptadas un total de 14 (o 28%).

	Consideracións xerais				
	Aceptadas		Non aceptadas		Total
De fondo	10	20%	40	80%	50
Formais	14	28%	36	72%	50

Das 449 consideracións específicas, emitíronse 428 sobre cuestións de fondo e 6 sobre aspectos formais da norma. Ademais, emitíronse 15 consideracións que non procede valorar como aceptadas ou non aceptadas, xa que ou ben teñen un carácter declarativo ou ben indican especificamente que se trata de propostas a valorar en vindeiras convocatorias.

Das 428 consideracións de fondo, foron aceptadas ou parcialmente aceptadas 61 (o 14,25%), mentres que das 6 consideracións formais foron aceptadas ou parcialmente aceptadas un total de 2 (o 33,3%).

	Consideracións específicas				
	Aceptadas		Non aceptadas		Total
De fondo	61	14%	367	86%	428
Formais	2	33%	4	67%	6

Relación de ditames emitidos 2023

Ditame	Denominación	Data emisión	Data publicación DOG
1.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023	10 de febreiro	21 de marzo de 2023
2.23	Proxecto de resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2023	10 de febreiro	31 de marzo de 2023
3.23	Anteproxecto de Lei para a Igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia	24 de febreiro e 3 de marzo	11 de decembro de 2023
4.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede a súa convocatoria para a anualidade 2023	16 de marzo	31 de maio de 2023
5.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023	16 de marzo	24 de abril de 2023
6.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións XEMPRE EMPRENDEMENTO para apoiar iniciativas de emprendemento, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2023	16 de marzo	5 de xullo de 2023

Ditame	Denominación	Data emisión	Data publicación DOG
7.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de emprego con apoio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023	20 de marzo	30 de maio de 2023
8.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023	20 de marzo	4 de maio de 2023
9.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia "Bono consolida economía social" e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2023	29 de marzo	31 de maio de 2023
10.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa NOVA OPORTUNIDADE das persoas traballadoras autónomas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023	29 de marzo	31 de maio de 2023
11.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2023- 2025, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2023-2024	29 de marzo	22 de maio de 2023
12.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras, que rexerán as axudas para a conciliación da persoa traballadora autónoma, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023	13 de marzo	22 de maio de 2023
13.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (lebt), e se procede á súa convocatoria para o ano 2023	3 de abril	30 de maio de 2023
14.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2023	8 de maio	28 de xuño de 2023
15.23	Proxecto de resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2023	8 de maio	28 de xuño de 2023
16.23	Proxecto de resolución da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento SI429A)	15 de maio	7 de xullo de 2023
17.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2023-2025 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia nn competitiva para o financiamento de accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas, para o exercicio 2023	24 de maio	15 de xuño de 2023

Ditame	Denominación	Data emisión	Data publicación DOG
18.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións XEMPRE EMPRENDEMENTO PLUS para apoiar a inversión e a creación de emprego co obxectivo de fortalecer e consolidar iniciativas de emprendemento de autónomos e pemes, susceptibles de seren cofinanciadas no marco do programa operativo FEDER Galicia 2021-2027 (apoio á inversión) e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para a anualidade 2023	24 de maio	17 de xullo de 2023
19.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas Bonos Talento empresa, para a realización de proxectos formativos de corta duración que se desenvolvan por parte das entidades beneficiarias, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2023-2024	29 de maio	20 de xullo de 2023
20.23	Proxecto de orde pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de incentivos á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, Programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023	29 de maio	29 de xuño de 2023
21.23	Proxecto de decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2024	15 de xuño	17 de xullo de 2023
22.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023	26 de xuño	10 de agosto de 2023
23.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para o ano 2023 e 2024	30 de xuño	2 de agosto de 2023
24.23	Proxecto de Orde pola que se aproban as bases reguladoras para promover a práctica profesional e a formación en competencias brandas das persoas mozas menores de 30 anos mediante contratos formativos, programa Talento 30, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023	30 de xuño	24 de agosto de 2023
25.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao financiamento do Programa de apoio a mulleres nos ámbitos rural e urbano, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2023	6 de xullo	23 de agosto
26.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a contratación de persoas axentes de emprego e unidades de apoio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023	6 de xullo	28 de setembro de 2023

Ditame	Denominación	Data emisión	Data publicación DOG
27.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2023	6 de xullo	11 de setembro de 2023
28.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras de axudas para a realización do programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego (CEE) e se procede á súa convocatoria plurianual (2023-2026)	28 de xullo	31 de outubro de 2023
29.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de elaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023	6 de setembro	5 de outubro de 2023
30.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego do Catálogo de Especialidades Formativas do Servicio Público de Emprego Estatal ou do Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade correspondentes aos exercicios 2023 e 2024	13 de setembro	27 de outubro de 2023
31.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a realización de actividades no ámbito de prevención de riscos laborais conforme á Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e se procede a súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia nos exercicios 2023 e 2024	25 de setembro	31 de outubro de 2023
32.23	Proxecto de Orde pola que se modifica a ORDE do 1 de agosto de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do Programa de apoio a mulleres nos ámbitos rural e urbano, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generation EU e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2023	25 de setembro	18 de outubro de 2023
33.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais e se procede á súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2024	6 de novembro	29 de xaneiro de 2024
34.23	Proxecto de Orde pola que se regula o réxime de subvencións ás organizacións sindicais para o ano 2024	6 de novembro	30 de xaneiro de 2024
35.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación dirixidos á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva e se procede á súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio 2024	6 de novembro	30 de xaneiro de 2024

Ditame	Denominación	Data emisión	Data publicación DOG
36.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á creacion e/ou funcionamento de Gabinetes Técnicos en materia de Igualdade laboral e de oportunidades e contra a fenda salarial para o ano 2024	9 de novembro	5 de febreiro de 2024
37.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2024	9 de novembro	6 de febreiro de 2024
38.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia "Bono consolida economía social" e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2024	9 de novembro	24 de xaneiro de 2024
39.23	Proxecto de Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero	10 de novembro	15 de xaneiro de 2024
40.23	Proxecto de ORDE pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, de sociedades laborais, de centros especiais de emprego e de empresas de inserción, e se convocan para o ano 2024	10 de novembro	24 de xaneiro de 2024
41.23	Proxecto de ORDE pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para os anos 2024 e 2025	10 de novembro	24 de xaneiro de 2024
42.23	Proxecto de Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto do Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2024	20 de novembro	18 de xaneiro de 2024
43.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024	20 de novembro	18 de xaneiro de 2024
44.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprot-Economía Social) e se convocan para o ano 2024	20 de novembro	1 de febreiro de 2024
45.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a promoción do emprego autónomo en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 e se procede a súa convocatoria para o ano 2024	23 de novembro	9 de xaneiro de 2024

Ditame	Denominación	Data emisión	Data publicación DOG
46.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa do bono das persoas autónomas e se procede á súa convocatoria para o ano 2024	23 de novembro	22 de xaneiro de 2024
47.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024	23 de novembro	24 de xaneiro de 2024
48.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024	4 de decembro	24 de xaneiro de 2024
49.23	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024	4 de decembro	22 de febreiro de 2024
50.32	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras, que rexerán as axudas para a conciliación da persoa traballadora autónoma, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024	4 de decembro	24 de xaneiro de 2024
51.23	Proxecto de pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas galegas de persoas traballadoras autónomas e a contratación de persoal de apoio, e se convocan para o ano 2024	4 de decembro	25 de xaneiro de 2024
52.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa NOVA OPORTUNIDADE das persoas traballadoras autónomas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024	15 de decembro	22 de xaneiro de 2024
53.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para apoiar iniciativas de emprendemento, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2024, tramitada como anticipado de gasto	15 de decembro	5 de febreiro de 2024
54.23	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 e 2025, cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027	26 de decembro	23 de febreiro de 2024

FOMENTO E PROMOCIÓN DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA

- Actividade da área de negociación colectiva
- Participación do Consello na negociación colectiva
- Órganos da negociación colectiva

ACTIVIDADE DA ÁREA DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Conforme o mandato da lei reguladora, o Consello Galego de Relacións Laborais centrou unha gran parte da súa actividade na análise dos convenios colectivos vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

A área de estudos de negociación colectiva do Consello realizou ao longo de todo o ano un seguimento puntual dos convenios asinados e revisados en 2023 que tiveron efectos económicos nese ano. Ademais atenderon solicitudes de información e múltiples consultas que en materia de negociación colectiva se dirixen ao Consello, por correo electrónico ou telefonicamente, e continuouse co tratamento en profundidade da base de datos de convenios colectivos.

Outros trámites e actividades do Consello Galego de Relacións Laborais a prol da negociación colectiva

Ao longo do ano 2023, o Consello ven de realizar 184 trámites en 133 expedientes no REGCON que afectan a convenios, revisións, calendarios, etc, por delegación das diferentes comisións negociadoras:

Convenios colectivos	31
Táboas salariais/Revisións salariais	7
Calendarios laborais	8
Denuncias de convenio/Inicio de negociacións	7
Acordos de mediación	34
Laudos	2
Acordos parciais	8
Acordos comisión paritaria	4
Inaplicación de convenios	1
Modificacións	5
Outros acordos	9

Así mesmo, no Consello recibíronse un total de 152 consultas por escrito, e unha media de 5 consultas telefónicas diarias en materia de convenios colectivos. As consultas recibidas abranguen todo tipo de cuestións relativas a convenios: encadramento dentro dun convenio, denuncias, uso da plataforma Regcon, identificación do código dun convenio, vixencia, data de publicación, situación da negociación colectiva, contido, etc.

Tivo entrada unha solicitude de intervención da Comisión Tripartita de Inaplicación de Convenios Colectivos (REVI TREFILADOS CABLEADOS SA). A comisión decidiu, no seu seo e por maioría absoluta das persoas con dereito a voto que a integran, autorizar a inaplicación do convenio colectivo sectorial de aplicación (artigo 33. Xornada de traballo).

PARTICIPACIÓN DO CONSELLO NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Mesas negociadoras e comisións paritarias

O artigo 3.2.c) da Lei 5/2008, do 12 de xullo, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais, establece como funcións deste, entre outras, a de fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1º da Constitución e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.

O Consello, consciente da necesidade de impulsar a negociación colectiva e, moi especialmente, en sectores desregularizados ou convenios bloqueados durante un longo período previo, potenciou, asesorou, prestou asistencia técnica e asumiu funcións de conciliación e mediación en cantas comisións negociadoras o solicitaron. Por outra banda, coñecedor da operatividade das comisións paritarias en calquera das súas múltiples vertentes e manifestacións (negociais ou estritamente aplicativas), colaborou activamente, exercendo un asesoramento proactivo, no desenvolvemento da función máis relevante do ente paritario: a súa labor compoñedora dos conflitos xurdidos a propósito da interpretación e aplicación dos convenios.

Así, contaron coa asistencia da presidenta do Consello, da secretaria e/ou responsable do Servizo de Solución de Conflitos un total de 53 xuntanzas das mesas negociadoras de 8 convenios sectoriais de ámbito autonómico, así como 8 xuntanzas de comisións paritarias que teñen a súa sede no Consello e 4 xuntanzas da Comisión de Seguridade e Saúde Laboral. Todas elas se detallan no seguinte cadro.



Sinatura do convenio de ambulancias

Apoio á negociación colectiva galega

Xuntanzas de comisións negociadoras, comisións paritarias e outras naqueles sectores que teñen a súa sede no CGRL a 31.12.2023

	Comisión negociadora	Comisión paritaria	Comisión de seguridade e saúde laboral	Acordos de comisión negociadora	Acordos de comisión paritaria	Acordos de comisión de seguridade e saúde laboral
Empresas e traballadores/as de transporte de enfermos/as e accidentados/as en ambulancias	14	1	4	Asinado convenio colectivo		Asinado protocolo de prevención de agresións ao persoal de transporte sanitario
Empresas organizadoras do xogo do bingo	3			Asinado convenio colectivo 2021-2025		
Centros especiais de emprego	9			Asinado convenio colectivo 2023-2025		
Eventos, servizos e producións culturais	9	1		Asinado convenio colectivo		
Instalacións deportivas e ximnasios	7	1		Asinadas táboas salariais 23-24-25 (publicado DOG 30/03/2023)		
Pompas fúnebres de Galicia	5			Asinado acordo de prórroga de CC (publicado DOG 30/03/2023)		
Perrucarías de señoras, cabaleiros, unisex e salóns de beleza de Galicia	4					
Hostalería A Coruña		3			Acordo sobre a interpretación de varios artigos do CC	
Actores e actrices de teatro de Galicia		1			Asinada a actualización de táboas salariais 2023	
Residencias privadas de persoas de idade de Galicia		1				
Sector da dobraxe de Galicia	2					
Subtotal	53	8	4			
Total xuntanzas	65					

Cómpre destacar que ao longo de 2023 remataron con sinatura dun novo texto de convenio colectivo as actuacións de mesas negociadoras con sede no Consello dos seguintes sectores:

- Empresas e traballadores/as de transporte de enfermos/as e accidentados/as en ambulancia de Galicia
- Empresas organizadoras do xogo do bingo
- Centros especiais de emprego
- Eventos, servizos e producións culturais

ÓRGANOS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Observatorio galego da negociación colectiva

Para o cumprimento das funcións atribuídas ao Consello no punto c) do artigo 3º da súa lei reguladora, creouse dentro do organigrama do Consello o Observatorio Galego da Negociación Colectiva, que se configura como un órgano de carácter colexiado.

Está integrado por seis membros, tres en representación das organizacións sindicais e tres en representación das organizacións empresariais que integran o Pleno do Consello, ademais das persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral, e poderá contar coa presenza de persoas expertas sen dereito a voto, así como cun asesor/a por cada organización sindical e tres pola parte empresarial.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que o integran con dereito a voto.

En 2023 o observatorio reuniuse en cinco ocasións. Entre outros asuntos, aprobouse a Recomendación para a negociación colectiva en 2023, que está dispoñible na web do Consello e pode consultarse directamente en <https://www.cgri.gal/wp-content/uploads/2023/02/RECOMENDACION-NC-2023.pdf>.

Tamén se aprobou un documento coa finalidade de poder realizar os ditames deste observatorio con maior fundamentación, esixindo máis información á hora de formular as cuestións sobre convenios colectivos aplicables. Tomouse como base o texto aprobado pola Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos (CCNCC) e nel se recollen as instrucións para a tramitación de consultas sobre convenio colectivo de aplicación a unha empresa ou centro de traballo. Este documento está dispoñible na web do Consello <https://www.cgri.gal/convenios/consulta-convenio/>

Durante o ano 2023 tramitáronse un total de 7 consultas de convenio colectivo aplicable que concluíron coa elaboración dos correspondentes ditames aprobados todos eles no seo do Observatorio Galego de Negociación Colectiva.



Xuntanza do Observatorio de negociación colectiva

Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva (CCAINC)

Foi creada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Actualmente, a súa regulación figura no Título III, capítulo VI (artigos 131 a 138) da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Esta norma define a Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva como un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega, adscrito organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais.


Entre as súas competencias está a de asesorar sobre a redacción e aplicación de cláusulas que promovan a igualdade ou removan discriminacións, a análise dos convenios para detectar cláusulas discriminatorias, a organización de actividades de formación en igualdade de xénero dirixidas a empresas e a organizacións empresariais e sindicais, así como a elaboración de recomendacións xerais sobre o nivel axeitado de representación equilibrada entre mulleres e homes.

Esta comisión consta dunha presidencia, que é ocupada por quen exerza a do Consello, tres persoas en representación das organizacións sindicais máis representativas e tres persoas en representación das organizacións empresariais máis representativas.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que a integran con dereito a voto.



Adenda protocolo




44 preguntas plans igualdade



Xuntanza da CCAINC

A CCAINC reuniuse en 11 ocasións en 2023. Entre a súa actividade cabe destacar:

1. Aadaptación do “Protocolo contra o acoso sexual, laboral, por razón de sexo e identidade nos centros de traballo” aos cambios lexislativos operados. Esta adaptación presentouse na xornada de igualdade realizada o 12 de maio en Santiago e está dis-



Xornada actualización protocolo



Xornada plans igualdade

poñible na web do Consello https://www.cgri.gal/wp-content/uploads/2022/08/CCAINC_Protocolo_Acoso_Web-1.pdf.

2. Publicación de “As 44 preguntas e respostas sobre plans de igualdade”, que pode consultarse na web do Consello <https://www.cgri.gal/wp-content/uploads/2023/07/CCAINC-44-preguntas-e-respostas.pdf>.
3. Realización de dúas xornadas, unha sobre a actualización do Protocolo e a outra sobre plans de igualdade.
4. Estase a traballar na elaboración dunha nota informativa sobre “Convenios colectivos: obrigas legais e recomendacións en materia de igualdade”.

Comisión tripartita galega para a inaplicación de convenios colectivos

A Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos creouse por Decreto 101/2015, do 18 de xuño (DOG do 22 de xullo) no que tamén se regula a súa composición, funcións e funcionamento, en desenvolvemento do establecido no artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores.

A comisión é un órgano colexiado e está integrada por representantes da Administración pública autonómica e das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas de Galicia.

Está adscrita á consellería competente en materia de traballo a través da dirección xeral con competencias en materia de convenios colectivos, quen achegará o apoio administrativo e material necesario, exerce as súas competencias con independencia e autonomía funcional propias e ten a súa sede no Consello Galego de Relacións Laborais.

Durante o ano 2023 a Comisión Tripartita Galega de Inaplicación de Convenios Colectivos xuntouse en tres ocasións como consecuencia dun mesmo expediente de solicitude de resolución de discrepancias en materia de inaplicación de convenio colectivo. Acordouse por maioría absoluta que se resolvera a solicitude de inaplicación do convenio colectivo no seu seo, de modo directo, ao abeiro do artigo 13.3 do citado Decreto 101/2015, do 18 de xuño.

SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE CONFLICTOS: XESTIÓN DO AGA

QUE É O AGA?

O Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA) é un acordo estipulado ao abeiro do artigo 83.3 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, de eficacia xeral, asinado en 1992 polas organizacións sindicais e empresariais máis representativas na nosa Comunidade autónoma (CIG, S.N. de CCOO de Galicia, UGT-Galicia e CEG). Foi o primeiro acordo asinado en Galicia e o terceiro acordo destas características asinado a nivel estatal.

En 2013, tras vinte anos de funcionamento cun balance moi positivo, os interlocutores sociais e empresariais consideraron oportuno adaptar o acordo ás reformas da lexislación laboral, respectando sempre o principio de voluntariedade que o caracteriza.

En data 28 de novembro de 2019 asinouse un novo acordo que, entre outras novidades, inclúe a xestión dos procedementos de solución de conflitos individuais de traballo, aínda que a súa implantación realizarase de xeito paulatino e gradual. Este novo AGA destaca nos seus contidos pola importancia que lle concede á igualdade entre mulleres e homes, e destaca tamén polos seus ámbitos, xa que é o primeiro e único acordo autónomo que regula e crea procedementos intraxudiciais de solución de conflitos a través da mediación. O texto do novo acordo publicouse no DOG de data 12 de febreiro de 2020.

Tras máis de 30 anos en funcionamento, hoxe podemos dicir que o AGA forma parte da nosa realidade laboral e concíbese como un instrumento útil, como un servizo de interese xeral e relevancia pública baseado nos principios de eficacia, gratuidade e celeridade e como unha alternativa á vía xudicial, máis próxima e máis satisfactoria para as persoas traballadoras e para as empresas. É a ferramenta imprescindible para avanzar na modernización e mellora das relacións laborais en Galicia.

PARA QUE SERVE O AGA?

O AGA posibilita a procura de solucións aos conflitos colectivos de traballo de interpretación e aplicación, así como de intereses, calquera que sexa o sector ou subsector de actividade sempre e cando o ámbito territorial no cal estes conflitos produzan os seus efectos non exceda o da Comunidade autónoma galega.

De xeito específico cómpre destacar os seguintes:

- Conflitos colectivos xurídicos sobre interpretación e aplicación dunha norma legal ou convencional ou práctica de empresa.
- Conflitos relacionados coa negociación colectiva (discrepancias ou bloqueos na negociación ou revisión dun convenio, ou nas comisións paritarias).



- Procesos de negociación substitutorios de períodos de consulta previstos legalmente.
- Conflitos na determinación de servizos de seguridade e mantemento en caso de folga.
- Conflitos derivados de bloqueos ou discrepancias na negociación dos Plans de Igualdade.

Coa entrada en vigor do novo texto do Acordo, xestionaranse ao abeiro do AGA os procedementos de solución extraxudicial de conflitos laborais individuais que se produzan no seu ámbito territorial e funcional, particularmente os seguintes:

- Conflitos que se refiran á materia de discriminación directa ou indirecta por mor de xénero, raza ou etnia, relixión ou conviccións, diversidade funcional, idade ou orientación sexual no ámbito do emprego e da ocupación.
- Conflitos relativos a situacións de acoso no ámbito laboral.
- Conflitos que afecten á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Conflitos referidos ás vacacións.
- Conflitos derivados da decisión empresarial de adoptar unha medida de mobilidade xeográfica ou de modificación das condicións de traballo que non teña carácter colectivo.
- As sancións impostas á persoa traballadora como resultado do exercicio da potestade disciplinaria recoñecida ás empresas, agás a de despedimento.
- En xeral, aqueloutros conflitos individuais nos que non é obrigado acudir á conciliación previa no SMAC.

QUE PROCEDEMENTOS SE OFRECEN?

- **Conciliación-mediación:** Procedemento no que as partes en conflito, de xeito voluntario, promoven unha negociación sobre a cuestión controvertida na procura dunha solución pactada, coa axuda e intervención dunha ou dúas persoas con funcións de mediación.
- **Arbitraje:** As partes en conflito acordan voluntariamente someter a cuestión obxecto de discrepancia á decisión dunha terceira persoa imparcial, que a resolverá mediante laudo arbitral.

- **Arbitraje obrigatoria en caso de determinación de servizos de seguridade e mantemento en caso de folga:** As partes, rematado un proceso de negociación ou mediación sen acadar acordo nesta materia, deben someter obrigatoriamente a discrepancia a unha persoa que determinará os servizos de mantemento e seguridade durante a folga mediante laudo arbitral.


POR QUE ACUDIR AO AGA?

- ✓ Os acordos acadados e os laudos arbitrais ditados ao abeiro do AGA teñen valor de convenio colectivo e forza executiva.
- ✓ As partes sempre son escoitadas, garantíndose en todo momento o principio de contradición, o que se acredita no elevado grao de satisfacción dos usuarios do servizo.
- ✓ As persoas mediadoras e árbitras distínguense pola súa acreditada experiencia, profesionalidade e formación no eido das relacións laborais, desenvolvendo a súa actividade con absoluta imparcialidade.
- ✓ O servizo é totalmente gratuíto para as partes.
- ✓ Os prazos de tramitación dos procedementos destacan pola súa brevidade.
- ✓ Os procedementos tramitados ao abeiro do AGA acadaron, dende os seus inicios, unha porcentaxe de acordos que ronda o 80%.

ACTIVIDADE DO AGA EN 2023

No ano 2023 tiveron entrada no Servizo de Solución de Conflitos do Consello Galego de Relacións Laborais un total de 164 solicitudes de mediación e arbitraje, acadando o número máis elevado de expedientes tramitados na historia do organismo.

Número de expedientes tramitados 2019-2023			
	Total exptes.	Mediacións	Arbitraxes
2019	87	80	7
2020	81	76	5
2021	108	103	5
2022	141	126	15
2023	164	160	4



Dos 164 expedientes mencionados, foron efectivamente tramitados 108 (permanecendo aínda en tramitación 1 expediente) e remataron con acordo 78 (1 mediante laudo arbitral), acadándose unha porcentaxe de acordos do 73%.

Expedientes efectivamente tramitados e rematados		
Rematados con acordo	78	73%
Rematados sen acordo	29	27%
Total	107	100%

Do total de 164 expedientes, 15 foron promovidos en conflitos que afectaban a un sector de actividade e os restantes 149 no ámbito dunha empresa.

Expedientes promovidos segundo o ámbito do conflito							
Expedientes	Rematados con acordo	Rematados sen acordo	Outras formas de terminación	En tramitación	Total		% acordos por ámbito do conflito*
Sector	11	1	3		15	9%	92%
Empresa	66	29	53	1	149	91%	69%
Total	77	30	56	1	164	100%	

* Sobre expedientes efectivamente tramitados e rematados

Atendendo ao tipo de conflito, destacan os 71 expedientes promovidos por discrepancias na interpretación e aplicación de normas, que supuxeron o 43% dos expedientes tramitados ao longo deste ano 2023.

Expedientes segundo o tipo de conflito							
	Rematados con acordo	Rematados sen acordo	Outras	En tramitación	Total expedientes por tipo de conflito		% acordos por tipo de conflito*
Negociación colectiva	29	8	17	1	55	34%	78%
Aplicación e interpretación de normas	24	16	31		71	43%	60%
Convocatoria de folga	17	4	4		25	15%	81%
Inaplicación de convenio colectivo	7		2		9	6%	100%
Outros		2	2		4	2%	-
Total	77	30	56	1	164	100%	

* Sobre expedientes efectivamente tramitados e rematados

Dentro dos expedientes tramitados en materia de negociación colectiva, cómpre indicar que acabaron coa sinatura dun convenio de sector os seguintes:

1. Convenio Colectivo do sector de comercio vario da provincia da Coruña.
2. Convenio Colectivo do sector de eventos, servizos e producións culturais de Galicia.
3. Convenio Colectivo do sector de perrucarías de señoras, cabaleiros, unisex e salóns de beleza de Galicia.

Expedientes promovidos en 2023 segundo o ámbito territorial

Expedientes tramitados segundo o ámbito territorial	
Ámbito	Total expedientes
A Coruña	82
Lugo	6
Ourense	7
Pontevedra	57
CCAA	12
Total	164

Expedientes promovidos en 2023 segundo o ámbito territorial e sector de actividade

Expedientes tramitados por sector de actividade en cada provincia						
Sector	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	CCAA	Total
Industria	32	2	1	24		59
Servizos	47	4	6	30	12	99
Agricultura e Pesca	1			2		3
Construción	2			1		3
Total	82	6	7	57	12	164

Os acordos acadados afectaron a un total de 21.157 empresas e 139.883 persoas traballadoras.

Empresas e persoas traballadoras afectadas polos expedientes promovidos		
Estado de tramitación	Empresas	Persoas traballadoras
Rematados con acordo	16.556	77.081
Rematados sen acordo	806	19.751
Outras	3.794	42.801
En tramitación	1	250
Total	21.157	139.883

A data 5.04.2024, un expediente promovido en 2023 seguía en tramitación.

A PROMOCIÓN DO DEBATE SOCIAL

- XIX Encontro Galego de
Relacións Laborais
- Cursos e xornadas
- Publicacións

Na súa labor de promoción do debate social, o Consello Galego de Relacións Laborais realiza todos os anos actividades de formación e divulgación de materias relacionadas co eido laboral.

De toda esta actividade infórmase de xeito sucinto a continuación.

XIX ENCONTRO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Que é o Encontro Galego de Relacións Laborais

Trátase dun foro de posta en común de coñecemento e debate para o que, desde o Consello Galego de Relacións Laborais, convocamos os operadores protagonistas da actividade sociolaboral en Galicia, co obxectivo de establecer os principais criterios técnicos que poderán orientar ao Consello ao longo de 2024 en temas relativos aos novos desafíos da negociación colectiva. Dese xeito reforzaranse e actualizaranse as bases técnicas das distintas actuacións do Consello Galego de Relacións Laborais nunha área de traballo de vital importancia para o organismo.

Ademais de todo o anterior, permite crear un espazo de convivencia para os distintos operadores do sistema de relacións laborais de Galicia no que compartir experiencias e inquedanzas, fortalecendo relacións interpersoais.

O Consello agradece aos distintos colectivos sociais e profesionais que traballan no mundo das relacións laborais a súa colaboración e apoio sen os cales este evento non sería posible.

O encontro foi inaugurado pola presidenta do Consello Antía Sánchez Callejo, e a secretaria do Consello Cristina Fabeiro Varela. A continuación tivo lugar a lección maxistral do profesor Jesús Cruz Villalón, presidente da CCNCC.



XIX Encontro Galego de Relacións Laborais



XIX Encontro Galego de Relacións Laborais



Inauguración do XIX Encontro de relacións laborais

A continuación tivo lugar unha mesa de presentación do Informe sobre a situación sociolaboral en Galicia no ano 2022, polo equipo autor.



Presentación do Informe sociolaboral do ano 2022

Finalmente, segundo o acordado polo Pleno do Consello, o Encontro organizouse en torno a dúas mesas de traballo nas que se trataron os diferentes temas previstos.



Constitución das mesas de traballo

Mesa I - Conexión entre os mecanismos extraxudiciais de solución de conflitos laborais e a negociación colectiva.

Aínda que tradicionalmente os mecanismos de mediación ou arbitrase teñen cabida en todos os supostos de negociación colectiva segundo a normativa laboral, as últimas reformas suscitan novos desafíos interpretativos en canto á eficacia deses mecanismos en contextos de ultraactividade dos convenios colectivos, adaptación destes á perda da prioridade aplicativa dos de carácter empresarial no eido retributivo ou medidas de igualdade de trato e oportunidades e non discriminación.

- Perda de prioridade aplicativa do convenio de empresa no eido retributivo.
- Ultraactividade dos convenios colectivos e solución autónoma ante bloqueos negociais. A mediación e o artigo 86.4 ET.
- Utilidade dos mecanismos de solución autónoma de conflitos nos plans de igualdade en tanto procesos negociadores.



Participantes na mesa I

Mesa II- O crecente papel da negociación colectiva como complemento da lexislación de orixe estatal e non só como mellora dos seus mínimos.

Os produtos da negociación colectiva son chamados polo lexislador cada vez máis a completar normas estatais (criterios de chamamento de fixos discontinuos, compensación de gastos de teletraballo, descrición de supostos concretos de contratación temporal, uso de algoritmos etc.) e xa non só a mellorar os seus niveis mínimos, o que afonda a fenda entre os sectores con e sen convenio ou con convenios en ultraactividade ou vixencia prorrogada faltos de adaptación ás disposicións vixentes:

- A dinamización e estruturación da negociación colectiva e a actualización dos seus contidos.
- Os cambios na economía e a negociación colectiva (dixitalización e algoritmos, intelixencia artificial).



Participantes na mesa II

Clausuraron o encontro a presidenta do Consello Antía Sánchez Callejo, o secretario xeral técnico da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade Alberto Fuentes Losada, o vicepresidente primeiro da CEG Antonio Fontenla Ramil, o secretario xeral do Sindicato CIG Paulo Carril Vázquez, o secretario de Institucional e Cultura do SNde CCOO de Galicia Xesús Castro Baamonde e o secretario de Política Institucional do Sindicato UGT-Galicia José Carlos Rodríguez del Río.



Clausura do XIX Encontro



Participantes no XIX Encontro

Conclusiones:**Mesa I****Novos desafíos interpretativos derivados da última reforma laboral en relación cos mecanismos de solución extraxudicial de conflitos**

Tras un intenso e fructífero debate sobre todos os aspectos da reforma laboral que entroncan cos mecanismos de solución extraxudicial de conflitos, todas as organizacións e institucións participantes concordan en que estas cuestións interpretativas derivadas das novidades lexislativas delatan intereses contrapostos.

En vista do anterior, as partes coinciden de que será a negociación colectiva quen deba rematar o contido da lei que está premeditadamente inacabada, toda vez que o proceso negociador xa acadou o grao de madurez necesario para afrontar con éxito estes desafíos.

Nesta liña, os axentes sociais renovan o compromiso de acudir ós mecanismos de solución extraxudicial de solución de conflitos coa finalidade de solventar as discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación das normas.

Ultraactividade dos convenios colectivos e solución autónoma ante bloqueos negociais. A mediación e o artigo 86.4 do Estatuto dos traballadores.

Os axentes sociais asinantes do AGA aprobaron o mesmo baixo a concepción clásica da mediación consonte á cal faise necesario o consentimento das partes en conflito, non só respecto da solución da discrepancia, senón tamén acerca do inicio e da continuación do procedemento.

Lonxe de entender superada esa concepción clásica pola nova redacción legal, enténdese que o mantemento dunha mediación asentada na voluntariedade en todos os casos continúa a achegar valor ao AGA como espazo natural de solución de conflitos laborais en Galicia xa que a realidade dos seus 31 anos de historia amosa que a non imposición do procedemento de mediación incrementa a confianza das partes que se deciden someter ó mesmo por propia vontade e aumenta a porcentaxe de expedientes rematados con acordo.

O mantemento desa concepción clásica da mediación asentada na voluntariedade non é incompatible co teor do artigo 86.4 ET na medida na que o precepto establece unha obriga dirixida ás partes en conflito. Polo tanto, á vista do artigo 86.4 e tendo en conta a normativa reguladora do AGA, recomendase ás partes optar pola modalidade de promoción conxunta, ou no seu defecto, pola prestación da conformidade expresa

da parte non promotora, naqueles supostos nos que transcorrido un ano dende a denuncia do convenio colectivo non se teña acordado un novo convenio. Neste senso, tamén se reflexionou sobre as posibles consecuencias xurídicas que este incumprimento poderían acarrear para cada unha das partes.

Coincídese tamén en que debe fomentarse a introducción de cláusulas específicas de sometemento ao AGA para os supostos nos que, téndose denunciado o convenio, exista un bloqueo no desenvolvemento do proceso negociador, tratando así de establecer prazos máis áxiles.

Utilidade dos mecanismos de solución autónoma de conflitos nos plans de igualdade en tanto procesos negociadores

Coincídese por todas as institucións e organizacións participantes en que o AGA eríxese como mecanismo fundamental para resolver atrancos, non só de tipo formal senón tamén de tipo material, nas mesas negociadoras de plans de igualdade, recoñecendo ademáis que o feito de acudir a este mecanismo constitúe un reforzamento do principio de boa fe negociadora sempre que esta quede reflectida na redacción do contido da acta.

Hai acordo respecto da necesidade de promover accións formativas e de sensibilización que garantan a consecución dos obxectivos que se perseguen coa normativa de igualdade prestando especial atención a que esta formación sexa impartida por persoal cualificado, debendo priorizar aqueles aspectos de máis complexidade técnica da negociación e as partes coinciden en que estos pasan fundamentalmente pola elaboración da diagnose negociada, así como o desenvolvemento e aplicación do propio plan.

Relación cos mecanismos de solución extraxudicial de conflitos

Tras un intenso e fructífero debate sobre todos os aspectos da reforma laboral que entroncan cos mecanismos de solución extraxudicial de conflitos, todas as organizacións e institucións participantes concordan en que estas cuestións interpretativas derivadas das novidades lexislativas delatan intereses contrapostos.

En vista do anterior, as partes coinciden de que será a negociación colectiva quen deba rematar o contido da lei que está premeditadamente inacabada, toda vez que o proceso negociador xa acadou o grao de madurez necesario para afrontar con éxito estes desafíos.

Nesta liña, os axentes sociais renovan o compromiso de acudir ós mecanismos de solución extraxudicial de solución de conflitos coa finalidade de solventar as discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación das normas.

Mesa II

A dinamización e estruturación da negociación colectiva e a actualización dos seus contidos.

En canto á negociación colectiva, cóincídese en que esta debe seguir sendo un eixo da actuación do Consello. O Consello, dentro do respecto á autonomía da vontade das partes recollida no artigo 37 da Constitución Española, ten que xogar un papel central na mellora de contidos e na articulación máis racional e axeitada dos convenios colectivos en Galicia. Neste senso, as partes conveñen en sinalar que os eidos que a continuación se mencionan son aqueles nos que o Consello debe focalizar a súa actividade durante os vindeiros anos no exercicio da súa competencia de dinamización da negociación colectiva:

1. Delimitación do ámbito funcional dos convenios colectivos na procura dunha maior concreción respecto das actividades incluídas dentro do mesmo, prestando especial atención a aquelas respecto das que podan suscitarse dúbidas pola súa similitude coas que se desenvolven noutros sectores.
2. Enriquecemento dos contidos, coa finalidade de que permanezan adaptados á lexislación vixente en cada momento e as desenvolvan con máis profundidade.
3. Análise polo Observatorio Galego de Negociación Colectiva daqueles ámbitos sectoriais carentes de convenio colectivo co obxectivo de promover as accións necesarias para o inicio e culminación de negociacións para acadar cobertura.
4. Estudo en perspectiva de xénero dos ámbitos sectoriais carentes de convenio colectivo en orde a determinar se se atopan especialmente feminizados como diagnose da situación previa a accións para corrixir a desigualdade.
5. Fomento da atribución de competencias ás Comisións Paritarias dos Convenios Colectivos para dar resposta ás cuestións relacionadas coa interpretación e aplicación dos mesmos, sen prexuízo da designación do AGA como medio de solución das discrepancias que non podan ser resoltas na comisión.
6. Promoción da designación do CGRL como sede das comisións paritarias dos convenios colectivos, en cumprimento da obriga legal de sinalar un domicilio a efectos de notificacións ás devanditas comisións, o que garante que calquera escrito ou convocatoria que se dirixa a esta remitirase con axilidade aos seus integrantes polo persoal do organismo.
7. Establecemento de grupos de traballo especializados por materias (como por exemplo, seguridade e saúde laboral) dependentes

das comisións paritarias dos convenios colectivos ou vinculados ás mesmas de xeito que durante o período de vixencias dos convenios se poida avanzar en aspectos técnicos de maior complexidade de cara a posterior negociación antes do inicio formal da mesma. Sen prexuízo de que as decisións vinculantes correspondan sempre a comisión negociadora.

8. Enténdese desexable implementar fórmulas xurídicas de cara á ordenación e estruturación da negociación colectiva nos marco das relacións laborais en Galicia.
9. Garantir as condicións de traballo decente, especialmente nos supostos de subcontratación e externalización nos ámbitos sectoriais nos que participen as Administracións Públicas.

Os cambios na economía e na negociación colectiva.

Concórdase que tanto a intelixencia artificial como os algoritmos, ferramentas características dos tempos que estamos a vivir, son instrumentos valiosos para calquera dos ámbitos sociais nos que nos desenvolvemos, e, polo tanto, tamén para o mundo das relacións laborais. Con todo, o emprego que se faga deles pode ter consecuencias non desexadas para as partes.

En efecto, a circunstancia de que os algoritmos e a programación das intelixencias artificiais (IA) non sexan transparentes e que, por tanto, sexa complicado desentrañar os criterios empregados para o seu deseño, incrementa o risco para os dereitos.

A ningún se lle escapa que tratamos de ferramentas coas que é posible aumentar a eficacia e a eficiencia empresarial dun xeito nunca antes visto, pero que, como contrapartida tamén se abren modalidades de recollida e tratamento de datos moi difíciles de controlar, convertendo en farto complicado a detección de incumprimentos laborais de todo tipo que esas operacións poden agochar.

Por tanto, a medida que os algoritmos e as intelixencias artificiais se converten nunha parte cada vez máis integral do noso entorno, as normas deben evolucionar para adaptarse aos novos desafíos, riscos e oportunidades.

Neste senso, acórdase que o CGRL debe centrar os seus esforzos en incentivar a regulación desa protección das persoas traballadoras pola vía da negociación colectiva incorporando na mesma a definición, a implementación e o seguimento de canles de información que garantan a transparencia, e a análise do impacto que produce o seu uso.

Asemade, convense en sinalar a necesidade de que a negociación colectiva garanta a supervisión humana no uso dos algoritmos e da intelixencia artificial con impacto nas relacións laborais.

Así mesmo, respecto do uso de tecnoloxías da comunicación no eido laboral, considérase conveniente que o Observatorio Galego de Negociación Colectiva achegue un modelo de protocolo de desconexión dixital para facilitar o cumprimento da obriga legal das empresas de contar con ese instrumento de cara a protección dos dereitos das persoas traballadoras.

Por último as persoas representantes de todas as organizacións participantes no XIX Encontro Galego de Relacións Laborais manifestan que o cumprimento efectivo dos obxectivos incluídos nas presentes conclusións atópase intimamente vinculado a un axeitado investimento en información previa e formación especializada e emplázase ao CGRL a continuar desenvolvendo a súa competencia de divulgación de coñecementos no ámbito xurídico laboral, particularmente entre os cadros dos axentes sociais.



CURSOS E XORNADAS

Curso de saúde laboral e condicións de traballo

O Consello e a USC firmaron un convenio de colaboración para a realización da primeira edición do Curso de saúde laboral e condicións de traballo, que tivo lugar do 21 setembro ao 29 de novembro cunha duración de 45 horas lectivas.

OBXECTIVOS:

- Analizar e profundizar no concepto de saúde laboral como un obxectivo transversal nas relacións laborais máis alá do marco legal da xestión de riscos laborais.
- Analizar a incapacidade laboral como un indicador de saúde laboral.
- Analizar o absentismo laboral dende unha perspectiva multidisciplinar.
- Analizar que aspectos da organización do traballo e das condicións laborais poden afectar directamente á saúde laboral se estes non están ben desenvolvidos, tanto dende un punto de vista psicolóxico, como técnico e legal. Algúns dos aspectos a tratar aquí serían as xornadas laborais (horas extra, xornada reducida, control horario) ou o teletraballo (como este debe ser organizado e regulado para salvagardar a saúde laboral e os dereitos das persoas traballadoras).
- Analizar as medidas para a prevención da saúde laboral e os métodos de avaliación.
- Como se deben organizar e regular as políticas de conciliación laboral (p. ex., a flexibilidade laboral) para protexer tanto a saúde dos traballadores como os obxectivos organizacionais.



Sinatura do convenio coa USC



Acto de inauguración do curso da USC

DESTINATARIOS:

Alumnado e persoas tituladas en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias do Traballo, Ciencias Económicas e Empresariais e Administración e Dirección de Empresas. Persoal responsable das áreas de recursos humanos, de prevención de riscos laborais, responsables de relacións laborais, persoal asesor e cadros das organizacións sindicais e empresariais.

Curso de especialización en Dereito marítimo-pesqueiro do Traballo e da Seguridade Social

O Consello e a Universidade da Coruña firmaron un novo convenio de colaboración para a realización da segunda edición do Curso de especialización en Dereito marítimo-pesqueiro do Traballo e da Seguridade Social. A duración foi de 52 horas lectivas do 26 de setembro ao 8 de novembro.


OBXECTIVOS: Formación de profesionais que se queiran dedicar ao asesoramento xurídico-laboral nun sector tan específico e distinto como é o das actividades marítimo-pesqueiras.

Coa finalidade de axudar a mellorar as condicións de traballo e de vida das persoas que realizan (por conta aliea e por conta propia) actividades marítimo-pesqueiras.

DESTINATARIOS: O curso diríxese ao alumnado do Sistema Universitario Galego (sen prexuízo da presenza de alumnado procedente doutras universidades), así como a persoas profesionais que están relacionadas, directa ou indirectamente, con este traballo tan singular e que precisan coñecer (ou seguir coñecendo con máis detalle) o Dereito do Traballo e da Seguridade Social aquí aplicable.



Sinatura do convenio coa UDC



Curso de formación de negociación colectiva e individual no ámbito laboral

O Consello e a Universidade de Vigo firmaron un ano máis un convenio de colaboración para a realización da VI edición do Curso de negociación colectiva e individual no ámbito laboral. A duración foi de 73,3 horas lectivas do 28 de setembro ao 23 de novembro.

OBXECTIVOS: O curso permitiu ao alumnado estudar as técnicas e ferramentas clásicas de negociación, explorar o concepto de intelixencia emocional e a súa implicación na solución dos conflitos de calquera tipo, estudar estratexias baseadas na comunicación verbal e non verbal, adquirir coñecementos sobre os máis controvertidos contidos da negociación colectiva e sobre o diálogo institucional en España e en Galicia.

DESTINATARIOS: Posto que o fin último é a formación de profesionais nas técnicas de negociación, as persoas destinatarias do curso de formación universitaria son as que posúan a titulación universitaria de Grao ou Licenciatura en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias do Traballo, Ciencias Económicas e Empresariais e Administración e Dirección de Empresas ou Diplomatura en Relacións Laborais. Tamén poderá matricularse o alumnado da universidade.




Sinatura do convenio coa UVigo

Xornadas

En 2023 realizáronse unha serie de xornadas sobre temas de actualidade:

- **Luces e sombras da refoma laboral**, celebrada en Vigo o 9 de maio, en colaboración coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da UVigo e o Colexio de graduadas e graduados sociais de Pontevedra.



Inauguración da xornada de Vigo



Mesa de axentes sociais na xornada de Vigo



Inauguración da xornada da Coruña



Mesa de axentes sociais na xornada da Coruña

- **A irrupción do algoritmo e a intelixencia artificial nas relacións laborais**, realizada na Coruña o 11 de maio, en colaboración coa Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais (ERLAC) e o Colexio de graduadas e graduados sociais da Coruña e Ourense.
- **Violencia e acoso nas relacións laborais 360º**, realizada o 12 de maio en Santiago de Compostela, en colaboración coa Facultade de Relacións Laborais da USC e o Colexio de graduadas e graduados sociais da Coruña e Ourense.



Mesa de axentes sociais na xornada de Santiago



Inauguración da xornada de Santiago



NON DISCRIMINACIÓN E LEI 15/2022, DO 12 DE XULLO			
01:00. INAUGURACIÓN Concelleira Patricia Barja Deputada da Xunta de Galicia Concelleira Patricia Barja Concelleira Patricia Barja Concelleira Patricia Barja	01:15. NON DISCRIMINACIÓN NA CONVOCATORIA DE EMPREGO Concelleira Patricia Barja Deputada da Xunta de Galicia Concelleira Patricia Barja Concelleira Patricia Barja	01:30. A DISCRIMINACIÓN NO EDO LABORAL NA CONVOCATORIA DE EMPREGO Concelleira Patricia Barja Deputada da Xunta de Galicia Concelleira Patricia Barja Concelleira Patricia Barja	01:45. PUNTOS QUENTES NOS PROCESOS DE NEGOCIACIÓN E NO REGISTRO DOS PLANES DE IGUALDADE Concelleira Patricia Barja Deputada da Xunta de Galicia Concelleira Patricia Barja Concelleira Patricia Barja



Inauguración da xornada de Vigo



Asistentes á xornada de Vigo

- **Non discriminación e Lei 15/2022, do 12 de xullo**, celebrada en Vigo o 22 de setembro, en colaboración coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da UVigo.
- **Puntos quentes nos procesos de negociación e no rexistro dos plans de igualdade**, celebrada en Pontevedra o 27 de setembro, en colaboración co Colexio de graduadas e graduados sociais de Pontevedra.



Inauguración da xornada de Pontevedra



Mesa de axentes sociais na xornada de Pontevedra

- **Descentralización produtiva e novas estruturas empresariais**, realizada o 25 de outubro en Ourense, en colaboración coa Facultade de Dereito de Ourense e o Colexio de graduadas e graduados sociais da Coruña e Ourense.



Mesa de axentes sociais na xornada de Ourense

DESCENTRALIZACIÓN PRODUTIVA E NOVAS ESTRUCTURAS EMPRESARIAIS	
1.00. INTRODUCCIÓN Antonio Muñoz Calvo Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais 1.01. MESA DE DEBATE SOCIAL Coordinadora: Margarita López de Letona, CGO de Ourense Debates: Elixio Cabalo, Ourense 1.02. O PAPEL DA FACULTADE DE DEREITO Debates: Elixio Cabalo, Ourense 1.03. TRABALLO AUTÓNOMO E SUBORDINADO Debates: Elixio Cabalo, Ourense 1.04. CLASIFICACIÓN E FORTALECIMENTO Debates: Elixio Cabalo, Ourense	1.05. MESA DE DEBATE SOCIAL Coordinadora: Margarita López de Letona, CGO de Ourense Debates: Elixio Cabalo, Ourense 1.06. TRABALLO AUTÓNOMO E SUBORDINADO Debates: Elixio Cabalo, Ourense 1.07. CLASIFICACIÓN E FORTALECIMENTO Debates: Elixio Cabalo, Ourense




Inauguración da xornada de Ourense

A FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL NA EMPRESA	
1.00. INTRODUCCIÓN Antonio Muñoz Calvo Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais 1.01. MESA DE DEBATE SOCIAL Coordinadora: Margarita López de Letona, CGO de Ourense Debates: Elixio Cabalo, Ourense 1.02. O PAPEL DA FACULTADE DE DEREITO Debates: Elixio Cabalo, Ourense 1.03. TRABALLO AUTÓNOMO E SUBORDINADO Debates: Elixio Cabalo, Ourense 1.04. CLASIFICACIÓN E FORTALECIMENTO Debates: Elixio Cabalo, Ourense	1.05. MESA DE DEBATE SOCIAL Coordinadora: Margarita López de Letona, CGO de Ourense Debates: Elixio Cabalo, Ourense 1.06. TRABALLO AUTÓNOMO E SUBORDINADO Debates: Elixio Cabalo, Ourense 1.07. CLASIFICACIÓN E FORTALECIMENTO Debates: Elixio Cabalo, Ourense

- **A formación profesional dual na empresa**, realizada en Ferrol o 27 de novembro, en colaboración coa Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol e o Colexio de graduadas e graduados sociais da Coruña e Ourense.



de axentes sociais na xornada de Ferrol



Inauguración da xornada de Lugo



Mesa de axentes sociais na xornada de Lugo

- **Tempo de traballo e renovación/revisión da Directiva 2003/88/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de novembro de 2023**, realizada en Lugo o 30 de novembro, en colaboración coa Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo e o Colexio de graduadas e graduados sociais de Lugo.

De toda esta actividade damos unha información de carácter máis cuantitativo no cadro que figura a continuación.

Actividades formativas 2023

	Nome da actividade	Lugar	Duración	Participantes		
				Total	Mulleres	Homes
Cursos	Curso de saúde laboral e condicións de traballo (USC)	Santiago de Compostela	setembro-novembro	30	23	7
	II edición do curso de especialización en Dereito marítimo pesqueiro do Traballo e da Seguridade Social (UDC)	A Coruña	setembro-novembro	33	18	15
	VI edición do curso de negociación colectiva e individual no ámbito laboral (UVigo)	Vigo	setembro-novembro	21	10	11
				54	28	26
Xornadas	Luces e sombras da reforma laboral	Vigo	9 de maio	54	35	19
	A irrupción do algoritmo e a intelixencia artificial nas relacións laborais	A Coruña	11 de maio	49	29	20
	Violencia e acoso nas relacións laborais 360º	Santiago de Compostela	12 de maio	46	34	12
	Non discriminación e Lei 15/2022, do 12 de xullo	Vigo	22 de setembro	142	106	36
	Puntos quentes nos procesos de negociación e no rexistro dos plans de igualdade	Pontevedra	27 de setembro	19	13	6
	Descentralización produtiva e novas estruturas empresariais	Ourense	25 de outubro	57	43	14
	A formación profesional dual na empresa	Ferrol	27 de novembro	55	37	18
	Tempo de traballo e renovación/revisión da Directiva 2003/88/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de novembro de 2023	Lugo	30 de novembro	22	15	7
				444	312	132
				498	340	158

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E ESTUDOS

Revista Galega de Dereito Social (2ª etapa)

A RGDS (2ª etapa) é unha publicación científica do Consello Galego de Relacións Laborais, dirixida a difundir entre os colectivos docentes, investigadores e profesionais interesados no mundo laboral a actualidade legal, xurisprudencial e doutrinal na materia, con especial incidencia no marco galego de relacións laborais. Dende o seu lanzamento en 2016, a RGDS optou por un modelo de publicación en aberto coa máis alta calidade científica. Con esta elección, o Consello Galego de Relacións Laborais posicionouse na actitude máis avanzada actualmente: a difusión xeral, gratuíta e universal do coñecemento xurídico xerado.

É a única publicación científica na materia dispoñible en internet en lingua galega. Os PDF da revista inclúen as dúas versións lingüísticas dos artigos, en galego e en castelán.

A RGDS ten unha periodicidade semestral. O Consello de Redacción, de forma excepcional, poderá aprobar a publicación dun número extraordinario de carácter monográfico, a instancia do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais.

A dirección e a subdirección da RGDS están a cargo das persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral do Consello. A selección dos autores e autoras realízase a secretaría da Revista, Yolanda Maneiro Vázquez, profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela, atendendo ás consideracións manifestadas polo Consello, particularmente na procura dun equilibrio de xénero na escolla.

No que concirne á súa difusión, a RGDS ocupa os primeiros postos entre as revistas máis citadas no ámbito especializado do Dereito de Traballo e da Seguridade Social. As máis de 50.000 visitas que tivo nos últimos anos son unha proba rotunda do seu éxito.

A RGDS atópase xa indexada nos seguintes catálogos:

- DIALNET (<https://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=24565>)
- LATINDEX Catálogo e Directorio (<https://www.latindex.org/latindex/Solr/Busqueda?idModBus=0&buscar=revista+galega+dereito+social&submit=Buscar>).
- MIAR (<http://miar.ub.edu/issn/1696-3083>).

Ademais a RGDS foi incluída en ERIH PLUS:

<https://kanalregister.hkdir.no/publiseringskanaler/erihplus/periodical/info.action?id=493264>.



A indexación da RGDS en cada un destes catálogos supón, entre outras consideracións, a difusión do galego como lingua académica e profesional.

En 2023 publicouse un número extraordinario sobre a mobilidade transnacional e internacional das persoas traballadoras (editado o 27 de abril). Publicáronse ademais os números 18 e 19, que saíron en xullo e decembro, respectivamente. O contido destes números pode consultarse directamente na páxina web da revista: <http://www.revistagalegadedereitosocial.gal/index.php/RGDS/index>.



Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2022

Cumprindo co mandato previsto na súa lei reguladora, o Consello dá conta anualmente da situación sociolaboral da nosa comunidade a través dun exhaustivo informe, que se vén publicando dende o ano 1992.

En 2023 editouse o Informe da situación sociolaboral correspondente ao ano 2022. Pode consultase en: <https://www.cgri.gal/informe-sociolaboral-2022/>.

Este Informe inclúe un capítulo dedicado á negociación colectiva en Galicia no ano 2022. Na primeira parte, analízanse polo miúdo os convenios colectivos asinados e revisados durante o ano 2022 en Galicia, centrándose na súa distribución segundo os ámbitos territorial, funcional, temporal e persoal así como nos datos que recollen respecto do incremento salarial e a xornada. A segunda parte do capítulo refírese aos convenios de ámbito superior ao da Comunidade Autónoma que afectan a persoas traballadoras en Galicia. Esta información pode consultarse directamente entrando na seguinte ligazón: <https://www.cgri.gal/wp-content/uploads/2023/11/8-CGRL-INFORME-SITUACI%C3%93N-SOCIOLABORAL-GALICIA-2022.pdf>.

Boletín de negociación colectiva

Dende 2009, primeiro ano de funcionamento do Observatorio Galego de Negociación Colectiva como órgano colexiado adscrito ao Consello Galego de Relacións Laborais, o persoal do organismo elabora un boletín que se publica con carácter trimestral e que analiza a conxuntura laboral e a evolución da negociación colectiva en Galicia: número de convenios colectivos existentes, os asinados e revisados, número de convenios asinados por primeira vez, incremento salarial pactado, xornada media pactada, convenios que conteñen cláusulas de revisión salarial e pactos de ultraactividade e máis datos de interese. Analiza tamén a negociación colectiva estatal con aplicación en Galicia.

Xunto ao estudo da evolución da negociación colectiva, o boletín contén tamén os datos de interese sobre os principais indicadores económicos de Galicia.



En 2023 editáronse catro números que poden consultarse en: <https://www.cgri.gal/es/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>.

Boletín de información sociolaboral

Este boletín recolle con periodicidade trimestral os últimos datos de po-boación, emprego, sinistralidade ou conflitividade laboral, entre outros datos significativos que inciden na situación sociolaboral, e pretende poñer a disposición das persoas interesadas no mercado laboral unha ferramenta para o coñecemento máis axeitado do noso entorno.

En 2023 editáronse catro números deste boletín que poden consultarse en: <https://www.cgri.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>.

Todas as publicacións do Consello poden consultarse en: <https://www.cgri.gal/publicacions-2/>.



ACTIVIDADES DE REPRESENTACIÓN E DIFUSIÓN DO LABOR DO CGRL

Durante o ano 2023 o CGRL estivo representado nos seguintes actos:

- Encontro de organismos autónomos da mediación laboral con ocasión do día europeo da mediación (19.01.23 - Sevilla).
- Encontro de xestores e secretarios de Consellos de Relacións Laborais e demais organismos autonómicos con competencias análogas (abordaron cuestións prácticas relativas á formación, a creación de distintos grupos de traballo, así como a definición de obxectivos e medidas para acadar unha maior eficiencia no eido da mediación) (27.02.23 - en liña).
- Xornada de presentación do Informe sobre o sistema de solución autónoma de conflitos laborais de Castela e León (28.02.23 - Valladolid).
- Entrega do Premio Profesor Joaquín Vidal Portabales aos mellores traballos do grao de relacións laborais e recursos humanos –participación da presidenta do CGRL no xurado– (28.04.23 - Santiago de Compostela).
- XXI xornada anual da Fundación SIMA: Mediación (5.06.23 - Madrid).
- Xornada sobre Igualdade, diversidade e violencia no traballo organizada pola Dirección Xeral de Relacións Laborais (13.06.23 - A Coruña).



De esquerda a dereita: Susana Soneira, presidenta do Colexio de Graduados sociais da Coruña e Ourense, Ricardo Gabaldón, presidente do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais, Silvia Moscoso, decana da Facultade de Relacións Laborais da USC e Antía Sánchez, presidenta do CGRL



Mesa dos axentes sociais na xornada da DXRL



Participantes no Foro de debate da CCNCC



Xornada técnica en Santiago de Compostela



I Xornada Laboralista do Colexio de Graduados Sociais da Coruña

- Foro de debate sobre “O balance e as perspectivas da negociación colectiva en España e Portugal”, da CCNCC (26.09.23 - Madrid).
- Xornada técnica da Sección Galega da Asociación Española do Dereito do Traballo e da Seguridade Social sobre “Mobilidade transnacional e internacional das persoas traballadoras” (24.03.23 - Santiago de Compostela). Colaboración.
- I Xornada Laboralista do Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense –intervención da presidenta como moderadora– (28.09.23 - A Coruña). Colaboración.
- III Xornada Laboralista do Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra (10.10.23 - Vigo)
- V Xornada luslaboralista do Colexio de Graduados Sociais de Lugo –intervención da presidenta como relatora– (18.10.23 - Lugo). Colaboración.
- XXIII Congreso ASNALA (27.10.23 - Santiago de Compostela). Colaboración.
- XXVI Xornadas de Outono de Xustiza e Sociedade (3.11.23 - Vigo). Colaboración.

ORZAMENTO DO CONSELLO

DESCRIPCIÓN ORZAMENTO	2022	2023
Arrendamentos	8.000,00	7.000,00
Reparacións, mantemento e conservación	7.300,00	7.300,00
Material de oficina	6.000,00	6.500,00
Subministracións	8.312,00	14.433,00
Comunicacións	1.000,00	1.000,00
Gastos diversos	4.000,00	5.000,00
Reunións e conferencias	73.500,00	79.000,00
Limpeza e aseo	11.800,00	14.000,00
Seguridade	15.750,00	15.000,00
Estudos e traballos técnicos	34.700,00	39.000,00
Remuneracións a axentes mediadores	40.000,00	43.000,00
Publicacións	5.000,00	5.500,00
Indemnizacións por razón do servizo	3.500,00	6.000,00
Outras indemnizacións	201.138,00	216.000,00
Total gastos servizos exteriores	420.000,00	458.733,00
Transferencia a USC – Curso.	14.000,00	14.000,00
Transferencia a UVigo – Curso	14.000,00	14.000,00
Transferencia a UdC – Curso	14.000,00	14.000,00
Total transferencias correntes	42.000,00	42.000,00
Orzamento de capital	88.880,00	108.880,00
Total orzamento de persoal	720.834,00	766.053,00
TOTAL ORZAMENTO	1.224.460,00	1.375.666,00



XUNTA
DE GALICIA



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS